



**Resolución de 1 de febreiro de 2021 pola que se designa data, hora e lugar da realización do sorteo para a determinación da orde de actuación das persoas aspirantes para os procesos selectivos de ingreso que se celebren durante o ano 2021 e que non teñan asignado letra nas bases de convocatorias previas.**

De conformidade co establecido na normativa aplicable ao Parlamento de Galicia en materia de selección do seu persoal, cómpre realizar, previa á convocatoria dos procesos de selección e con validez para todos eles, o sorteo público no que se determinará a orde de actuación das persoas aspirantes nos procesos de selección de emprego público do Parlamento de Galicia que se celebren durante o ano 2021 e que non teñan asignado letra nas bases de convocatorias previas, debendo recollerse o resultado de dito sorteo en cada convocatoria.

En consecuencia, esta Presidencia resolve realizar o mencionado sorteo en acto público, o día 8 de febreiro 2021 ás 10:00 horas na sala Azul do Parlamento de Galicia. Esta resolución publicarase na páxina web e no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela a 1 de febreiro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente do Parlamento de Galicia